

### ***Bolsas e axudas***

- Axudas do Ministerio de Sanidad y Consumo para cursar estudos en Francia, Portugal e Reino Unido o vindeiro curso académico 1988/89. Información: BOE de 22 de xaneiro de 1988.

### ***Premios***

- Premio Reina Sofia 1988, de investigación sobre as deficiencias.  
Información en Secretaria General del Real Patronato de Prevención y de Atención a Personas con Minusvalía. C/ Serrano, 140. 28006. Madrid. Envío de traballos ata o 30 de maio.
- Premio «Caixa de Aforros de Galicia» para traballos sobre «Estudio médico-xeográfico e epidemiolóxico dun partido xudicial de calquera das catro provincias galegas, agás Noia, A Estrada, Vilagarcía de Arousa, Carballo, A Coruña, Zas, Corcubión e Santiago de Compostela».  
Información: Real Academia de Medicina e Ciruxía de Galicia. Durán Loriga, s/n. A Coruña. Telf.: 224940.
- Premio científico SEMER/KNOLL-MADE sobre «Patología respiratoria en el medio rural: aspectos epidemiológicos, patógenos o asistenciales».  
Envío de traballos ata o 31 de marzo a SEMER. C/ Villanueva, 11. 28001. Madrid.

### ***Congresos***

- «VIII Congreso de Medicina Familiar y Comunitaria»  
Valladolid. 24-26, marzo 1988.  
Información: Sociedad Castellano-Leonesa de Medicina Familiar y Comunitaria. Apto. 5.357. 47080 - Valladolid.
- X Reunión de la Liga Española para la lucha contra la Hipertensión Arterial.  
Granada, 13-16 de abril.  
Información: Eurocongres, Avda. de la Constitución, 18, bloque 4.º. 18012 - Granada. Telf. (958) 209361.
- Simposium sobre informática hospitalaria.  
Barcelona, 13-16 de abril de 1988.  
Información: Colexio de Economistas de Cataluña. Avda. Diagonal, 508 - 1.º. 08006. Barcelona.
- III Jornadas Clínicas del Toxicómano. Proceso Terapéutico e inserción.  
Donostia - San Sebastián, 22 e 23 de abril de 1988.  
Información: A.G.I.P.A.D. San Cristóbal, 4, bajo. 20012 Donostia - San Sebastián. Telf. 289311.

### ***Cursos***

- IV Curso de actualización en medicina del trabajo.  
Madrid, 4 de abril a 6 de xuño de 1988.  
Información: Colegio Oficial de Médicos. C/ Sta. Isabel, 51. 28012 - Madrid.
- Curso de técnicas de promoción y educación para la salud.  
Granada, 18-22 de abril de 1988.  
Escuela Andaluza de Salud Pública. Avda. del Sur, 11. Granada. Telf. 280766.
- Diagnóstico de Salud de la Comunidad.  
Barcelona, 18-22 de abril de 1988.  
Información: CAPS, París, 150 - 1.º 2.ª - 08036 Barcelona. Telf. 3226554.
- Curso de informática aplicada a los Servicios de Salud.  
Granada, 25-29 de abril de 1988.  
Escuela Andaluza de Salud Pública. Avda. del Sur, 11. Granada. Telf. 280766.
- Fundamentos metodológicos de las ciencias de la Salud.  
Barcelona, 25-29 de abril de 1988.  
Información: CAPS, París, 150 - 1.º 2.ª - 08036 Barcelona. Telf. 3226554.
- Curso intermedio de epidemiología y estadística.  
Granada, 2-27 de maio de 1988.  
Escuela Andaluza de Salud Pública. Avda. del Sur, 11. Granada. Telf. 280766.

**Subscripción e envío gratuito. Solicitudes:** Dirección Xeral de Saúde Pública. Consellería de Sanidade. San Caetano, Bloque 2-2.º. 15704 - SANTIAGO DE COMPOSTELA. A CORUÑA.



CONSELLERÍA DE SANIDADE  
Dirección Xeral de Saúde Pública

# BOLETÍN EPIDEMIOLÓXICO SEMANAL DE GALICIA

VOLUME III / NUM. 4  
SEMANA 5/1988  
(31 de xaneiro ó 6 de febreiro)

  
CONSELLERÍA DE SANIDADE  
Dirección Xeral de Saúde Pública

14 DE MARZO DE 1988

## *AS DROGODEPENDENCIAS EN GALICIA: REFLEXIÓN E PLANIFICACIÓN DUN PROBLEMA DE SAÚDE (1)*

*Este informe constitúe a introducción da Memoria de 1987 do Plan Autonómico sobre Drogodependencias. Aínda que tematicamente está dividida en tres partes, como se sinala máis adiante, razóns de espacio obrigánnos a publicalo en catro números do BESG.*

Propoñemo-la reflexión sobre a evolución do problema en Galicia, especialmente en termos do modelo de atención.

Falar de modelos de atención, de modelos de asistencia sanitaria en calquera problema de saúde, supón abordar cuestións socio-políticas e económicas, así como culturais, ademais das estritamente técnicas. Sen embargo, nesta ocasión ímonos ocupar soamente destas últimas, o que tampouco é empresa doada de resolver debido á propia dinámica da ciencia que en boa lóxica, cos seus avances, débenos ir facendo modifica-la nosa visión dos problemas. Dificilmente poderemos dar a «cuestión do modelo» por rematada nalgún momento, e menos nun problema coma o das drogodependencias onde inflúen gran variedade de factores e onde o máis importante é, moi probablemente, a relación que estes factores manteñen entre si en cada momento da evolución da

persoa. Neste senso asistimos ultimamente a unha reorientación de obxectivos; se fai algún tempo se poñía especial énfase en que o tratamento, e polo tanto a asistencia, debía ir encamiñada cara á consecución da abstinencia, hoxe en día cando se constata que os destinatarios desta oferta teñen factores de risco para o resto da poboación (VIH, hepatitis B, etc.) ampliouse o marco conceptual de xeito que se considera ó drogodependente obxectivo de atencións non dirixidas especificamente, en principio, aínda que si como proceso, a que abandone o consumo. Este cambio da forma de percebi-lo problema, máis integral e na perspectiva de saúde pública, promoviu unha diversificación dos recursos; a potenciación dun programa de drogodependencias en Atención Primaria é un claro exponente deste novo enfoque. Sen embargo, e porque dificilmente algún día teremos en marcha o modelo

ideal, faise necesario discutir con frecuencia —con toda a que poidamos— os aspectos desta cuestión.

Neste intre é un tema de indudable actualidade, non só entre os profesionais e os planificadores (a elaboración do Plan Nacional sobre Drogas e a dos diferentes plans autonómicos é unha boa mostra disto) senón tamén a nivel da rúa (a tan traída e levada, e evidentemente pouco disfrutada, seguridade cidadán evidéncianolo) e principalmente entre os pais dos afectados (ahí está a continua petición de internamento do fillo e os movementos cidadáns) e aínda entre estes mesmos, os pacientes, que lonxe de «pasar» deste asunto reivindicando insistentemente que se lles dispense metadona.

Neste panorama, non obstante, bótase en falta que a recente Ley General de Sanidad non aborde ó longo do seu texto o tema das Drogodependencias.

O obxecto deste informe divídese en tres partes principais. En primeiro lugar realizaremos unha revisión de como se foi construíndo a atención ás drogodependencias en Galicia, facendo referencia especial ás drogodependencias por consumo de drogas denominadas ilegais, que presentamos neste número do BESG.

En segundo lugar comentarase a planificación a medio-longo prazo realizada dende a Consellería de Sanidade dende hai aproximadamente un ano, e que integra a asistencia ó alcoholismo e ás outras drogodependencias dentro do Plan Galego de Saúde Mental (PGSM), o cal xa foi elaborado e encóntrase actualmente en proceso de discusión entre os sectores implicados. Así mesmo faremos unhas reflexións en torno a dous modelos diferenciados de atención que abranguen concepcións diferentes da problemática que desexan enfrentar (esta parte ocupará o seguinte número do BESG).

En último lugar comentarase a planificación da asistencia a curto-medio prazo realizada pola Consellería de Sanidade e presentada á Comisión Galega de Prevención e Loita contra a Drogodependencia, e que presentaremos nos dous últimos números do BESG adicados a este informe.

Optamos por realizar este desenvolvemento do tema debido a que unha vez decidida a integración da atención a esta problemática

dentro do PGSM, a necesaria perspectiva de futuro aconsellaba un deseño previo á integración que fose racional e coherente co modelo de futuro, co fin de evitar, na medida do posible, disfuncionalidades na evolución do proceso.


### ***Aproximación a unha historia pouco coñecida***

#### **CONSTRUÍNDO A ATENCIÓN ÁS DROGODEPENDENCIAS EN GALICIA**

O consumo de drogas e as drogodependencias non alcohólicas empezaron a ser un problema para o territorio histórico de Galicia entre os anos 1979 e 1981. Polo tanto xurdiu algún tempo despois que noutras Comunidades Autónomas. Aínda que non imos elaborar agora unha historia pormenorizada deste fenómeno, si trazaremos en cambio as que podemos considerar liñas mestras do mesmo.

Nos gráficos 1 e 2 pódese observar, para o período 1975-1980 en A Coruña, a evolución dos detidos por tenencia e tráfico de estupefacientes, e os roubos e atracos a farmacias para conseguí-los mesmos. Como podemos ver, apréciase claramente unha eclosión do fenómeno entre 1977 e 1979. En 1977 empeza a ser importante o número de detidos, 56 en total. O ano seguinte, en 1978, aparecen os primeiros roubos a farmacias, 18, que chegan a ser máis do dobre en 1979, 39. Por último, neste mesmo ano aparecen os primeiros atracos a farmacias, 2, chegando en 1980 a alcanzar a cifra de 38.

**Gráfico 1.** Detidos por tenencia e tráfico de estupefacientes en A Coruña, período 1975-1980.



Así podemos concluir, se temos ademais en conta o ano de posta en funcionamento de cada centro, que a iniciativa privada foi a que primeiramente se decidiu a prestar atención a este tipo de casos, independentemente de que diferentes niveis da Administración veñen subvencionando dende sempre os gastos derivados da devandita atención. Parecería, pois, que os Concellos, agás importantes excepcións como pode ser o Concello de A Coruña co seu apoio ó Centro Asistencial de Drogodependencias de A Coruña, decídense a prestar asistencia a drogodependentes cando aparece, trala aprobación do Plan Nacional sobre Drogas en 1985, unha vía máis ou menos clara de financiación que podería chegar a ser completa.

Ata 1986 a situación de todos estes servizos públicos (clasificados así en virtude de que todos, sen excepción, se financian practicamente nun 100% con fondos públicos procedentes dos presupostos propios da Comunidade Autónoma, e dos transferidos a esta por convenio co Plan Nacional sobre Drogas, a través do Ministerio de Sanidad y Consumo, ademais das aportacións de corporacións locais) era de absoluta descoordinación non só con outros servizos da rede sanitaria e de servizos sociais, senón incluso entre eles mesmos. Como moito existían contactos entre eles, e certamente non exentos de conflitos. Configúranse así «equipos», máis ben illados uns douros, onde cada un, dependendo fundamentalmente do director do mesmo, desenvolvía actividades preventivas e asistenciais.

Deste xeito configúrouse un modelo de improvisación, quedando a conexión con outros servizos sanitarios e sociais sometida ó voluntarismo dos membros, case exclusivamente ó do director, dos diferentes equipos.

A mediados de 1986 empeza a construírse o Plan Autonómico sobre Drogodependencias (P.A.D.) na nosa Comunidade Autónoma, encadrado na Consellería de Sanidade. Ó mesmo tempo traballamos no Plan Galego de Saúde Mental (P.G.S.M.) co fin de integra-la asistencia ás drogodependencias dentro da súa estrutura organizativa. A el referirémonos máis adiante cando abordemo-lo modelo do futuro.

O primeiro obxectivo que se marcou foi acadar que tódolos centros coordinasen minimamente as súas actividades, o cal (e isto debe quedar moi claramente establecido) non é sinónimo de uniformidade. Con este obxectivo preténdese asegurar, na medida do posible, a unificación de criterios especialmente nas áreas de prevención, asistencia e reinserción. Para iso puxéronse en marcha diferentes programas e actividades, incluíndose neste mesmo documento o seu resume esquemático. Entre as medidas adoptadas destaca un conxunto de normativas legais que teñen como finalidade a de asegurar este obxectivo de coordinación a través da ordenación asistencial. Destacan as seguintes:

- Orde de 1 de xullo de 1986 (D.O.G. n.º 64 de 15 de xullo) pola que se crea a Comisión Galega Reguladora dos Tratamentos con Metadona.
- Orde do 23 de marzo de 1987 sobre a Autorización de Centros, Servizos e Establecementos Sanitario-Asistenciais do Tratamento Ambulatorio das Drogodependencias.
- Orde de 17 de xullo de 1987 pola que se regula a concesión de subvencións de mantemento e equipamento a Concellos e asociacións privadas sen ánimo de lucro, que desenvolvan programas de tratamento das drogodependencias a través de Centros Asistenciais xestionados polas devanditas entidades.


Ademais, o P.A.D. conta coa Comisión Galega de Prevención e Loita contra a Drogodependencia, que integra os aspectos sanitarios e de benestar social, os xurídico-legais, os de xuventude (tanto «normal», como de protección), os de hixiene laboral e os pedagógico-educativos, reunindo ós diferentes departamentos e organismos implicados no tema.

O segundo obxectivo, que xa anticipamos, tiñase —e tense— proxectado na integración das drogodependencias dentro da asistencia á saúde mental, e a través do P.G.S.M., dentro do futuro Servizo Galego de Saúde. Neste senso o Plan Autonómico sobre Drogodependencias integrárase naquel como un subplan ou plan parcial. Máis adiante abordarase o modelo de futuro desenvolvendo na medida necesaria o Plan Galego de Saúde Mental.

Se clasificamos estes Centros segundo a súa dependencia xurídica observamo-lo seguinte:

Asociación privada sen ánimo de lucro	Concello
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Centro Asistencial de Drogodependencias de A Coruña</li> <li>• Comunidade Terapéutica «ALBORADA», en Tomiño - Pontevedra</li> <li>• Centro de Drogodependencias de Lugo.</li>   <li>• Centro de Diagnóstico e Tratamento das Toxicomanías «ALBORADA», en Vigo.</li> <li>• Módulo Asistencial de Drogodependencias, en Ourense.</li> <li>• Unidade de Día do Centro Asistencial de Drogodependencias de A Coruña.</li> <li>• Centro de Tratamento das Drogodependencias «ASFEDRO», en Ferrol.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Centro Preventivo Asistencial de Toxicomanías «CEDRO», en Vigo</li> <li>• Unidade Preventivo-Asistencial de Drogodependencias «ADRO», en Vilanova de Arousa.</li> <li>• Unidade Preventivo-Asistencial de Drogodependencias «ADRO», en Ribeira.</li> <li>• Unidade Preventivo-Asistencial de Drogodependencias «ADRO», en Cangas.</li> <li>• Unidade Preventivo-Asistencial de Drogodependencias «ADRO», en Ferrol.</li> <li>• Servicio Preventivo-Asistencial de Drogodependencias, en Vilagarcía de Arousa.</li> <li>• Unidade Municipal de Asistencia a Drogodependentes, en Santiago.</li> </ul>

O mapa 1 dá-nos conta da ubicación destes dispositivos.




- ▲ CENTRO AMBULATORIO
- ↑ UNIDADE DE DÍA
- ▮ COMUNIDADE TERAPÉUTICA
- UNIDADE DE DESINTOXICACIÓN



CONSELLERÍA DE SANIDADE

**Gráfico 2.** Roubos e atracos a farmacias para conseguir estupefacientes en A Coruña, período 1975-1980.



En 1979 créase en A Coruña a Comisión Provincial de Lucha contra la Droga, que, encabezada polo Gobernador Civil, estudia a situación do momento e empeza a realizar ese mesmo ano actividades fundamentalmente preventivas. Entre os seus membros contábanse autoridades procedentes de tódolos ámbitos: policial, xudicial, sanitario, académico... Había tamén representantes institucionais dos diferentes niveis da Administración: Concellos, Deputación, Goberno Autónomo e Delegados Ministeriais. A súa Xunta Executiva daría lugar un ano máis tarde á constitución da Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga da provincia de A Coruña, que en xullo de 1981 logra inaugura-lo Centro Asistencial de Drogodependencias de A Coruña.

No plano asistencial, en 1979, detéctanse no Centro de Saúde Mental da entón denominada Delegación Territorial de Sanidade en A Coruña dous primeiros casos de drogodependencias, se ben o devandito centro xa viña tratando alcohol-dependentes dende había moitos anos. Nese Centro comencan a atenderse este tipo de casos ata a apertura do Centro específico sinalado anteriormente, que se abre cos profesionais que viñan atendendo estes casos no mencionado Centro de Saúde Mental. Neste último dispositivo asistencial, durante 1980, chegan a recibir asistencia 20 novos casos, e 13 no primeiro trimestre de 1981.

En Lugo, en 1980-1981, inicia a súa andadura un Centro Asistencial no que se tratan

problemas de alcoholismo preferentemente, aínda que tamén das outras drogodependencias. Inicialmente promovido por Cáritas, atravesa diferentes vicisitudes, ata que finalmente estabiliza o seu funcionamento en 1983-1984 a cargo da Asociación Lucense de Información y Ayuda al Drogodependiente. Aínda que por necesidade incompleto, este é o punto de arranque da creación de dispositivos específicos para a atención de drogodependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

En anos posteriores vanse abrindo novos centros:

\* 1982. Comunidade Terapéutica «ALBORADA», en Vigo.

\* 1983. Centro de Diagnóstico e Tratamento das Toxicomanías «ALBORADA», en Vigo.

\* 1984. Módulo Asistencial de Drogodependencias, en Ourense.

\* 1985. Unidade de Día do Centro Asistencial de Drogodependencias, de A Coruña.

Centro de Tratamento de Drogodependencias «ASFEDRO», en Ferrol.

Centro Preventivo Asistencial de Drogodependencias «CEDRO», en Vigo.

\* 1986. Neste ano, e como resultado dunha política de subvencións finalista que obrigaba a financiar entidades locais, xurden seis dispositivos ambulatorios de titularidade municipal, que viñeron funcionando en moitos casos en condicións pouco adecuadas, tanto na súa dotación material como de medios humanos. Así cóntanse os seguintes:

Unidade Preventivo-Asistencial de Drogodependencias «ADRO», en Ferrol.

Unidade Preventivo-Asistencial de Drogodependencias «ADRO», en Ribeira.

Unidade Preventivo-Asistencial de Drogodependencias «ADRO», en Cangas.

Unidade Preventivo-Asistencial de Drogodependencias «ADRO», en Vilanova de Arousa.

Servicio Preventivo-Asistencial de Drogodependencias, en Vilagarcía de Arousa.

Unidade Municipal de Asistencia a Drogodependentes, en Santiago de Compostela.

\* 1987. Á marxe das suxerencias do Plan Autonómico sobre Drogodependencia abríronse, durante o verán, dous novos centros en Cervo-Burela e Monforte de Lemos, dependentes do Centro de Lugo sinalado anteriormente.

ESTADO DAS ENFERMIDADES DE DECLARA

SEMANA 5/1988 DO 31 DE

COMARCAS	BRUCELOSE (023)		DISENTERIA BAC (SHIXELOSE) (004)		ESCARLATINA (034)		FEBRE TIFOIDEA EPARATIFOIDEA (002.2)		GONOCOCIA (URETRITE GONOCÓCICA) (098.0)		GRIPE (487)		HEPATITE VIRICA (070)		INFECCIÓN MENINGOCÓCICA (036)		NEUMONIAS (480-486)	
	1988		1988		1988		1988		1988		1988		1988		1988		1988	
	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.
1 CEDEIRA									1	6	4	18					1	5
2 ORTIGUEIRA									1	1	19	73		2				1
3 NARÓN											19	103		1			2	5
4 AS PONTES											52	339		4				
5 FERROL										5		443		6				
6 FENE										2	24	97		2			2	3
7 PONTEDEUME										4	34	164		3			4	6
8 CEE										1	86	344					3	21
9 VIMIANZO											7	27	1	2			1	1
10 PONTECESO										1	313	820					3	10
11 CARBALLO						2			1	5	80	239				1	3	8
12 ARTEIXO									1	1								
13 A CORUÑA			1		2	6				5	362	714	4	15	2	2	6	11
14 CULLEREDO-O BURGO								2	1	4	19	92	1	1			3	12
15 OLEIROS					2	2				2	43	134						
16 BETANZOS									1	10	55	281				1	3	9
17 SANTA COMBA										2	24	98					6	18
18 NEGREIRA											43	177					7	12
19 ORDES										4	18	116	512				2	19
20 CURTIS-TEIXEIRO											13	39					1	1
21 SANTIAGO		1							1	9	78	680		5				22
22 MELIDE												1						
23 MUROS												21					2	2
24 NOIA					7	25				2	46	292		2	1	1	1	6
25 PADRON								1	1	6	38	212		1			2	17
26 BOIRO											25	176					1	10
27 RIBEIRA											23	133						
28 A ESTRADA										1	27	245	1	1		1		4
29 LALIN						1				6	84	413					4	19
30 VILAGARCIA DE AROUSA									3	10	48	292					2	6
31 CALDAS DE REIS										2	20	95						6
32 VILANOVA DE AROUSA												18						
33 CAMBADOS									1	65	246			1			2	9
34 O GROVE								1			50							5
35 SANXENXO						1		2	1	2	14	88		3			1	6
36 PONTEVEDRA								2		6	227	1.036	3	8		1		7
37 FORCAREI											10	52						4
38 MARIN					1	1					17	63		1				
39 CANGAS											36	228					3	11
40 REDONDELA						1	1		2	1	28	104	10	27				
41 VIGO			9		2	2		1	1	4	140	1.107	2	11				
42 VAL MIÑOR-PANXON											12	100			3			6
43 PORRIÑO								1		1	33	166					2	3
44 PONTEAREAS									2	4	72	202		1		1	1	3
45 A CAÑIZA										1	31	167						
46 A GUARDA										6	31	165		1				1
47 TUI							1	1			100	369				1	1	2
48 SALVATERRA DE MIÑO											32	158	1	5				
49 VIVEIRO										3	30	156	1	2				
50 CERVO-BURELA										1	27	98	1	3			1	2
51 MONDOŃEDO		2									25	90	7					
52 RIBADEO											22	100					2	3
53 VILALBA										1		8						3
54 MEIRA					2	2			4	49	192			1			2	6
55 FONSAGRADA										1	12	55					4	13
56 GUITIRIZ										1	3	21						
57 RABADE		1								2	7	33						
58 LUGO					1	2				6	29	85		4		2	1	7
59 CASTROVERDE																		
60 PALAS DE REI																		
61 MONTERROSO											2	14					2	5
62 SARRIA		1									25	188					1	5
63 BECERREÁ										6	81	404		1		1		5
64 CHANTADA										2	103	435		5			10	48
65 MONFORTE DE LEMOS		2								1	2	9						7
66 QUIROGA																		
67 O BARCO		1				1			5	19	147	629						3
68 O CARBALLIÑO		1							1	4	188	730		1			2	7
69 RIBADAVIA										5	88	440	2	6			5	19
70 OURENSE						1		2		5	54	376	1	6		3	10	46
71 MACEDA										2	15	191		2			1	14
72 CASTRO-CALDELAS									1	2	22	97				1		2
73 A POBRA DE TRIVES	1	1							1	2	23	93					2	7
74 VIANA DO BOLO		1								4	17	139			6		3	13
75 CELANOVA										2	40	212		1			1	5
76 ALLARIZ										6	15	78						1
77 BANDE										4	66	228						1
78 XINZO DE LIMIA									1	17	45	321				1	1	6
79 VERÍN		1							2	14	17	106					1	9
80 A GUDIÑA		2								1	1	96						

Os números aparecidos en edicións anteriores son acumulativos

# LARACIÓN OBRIGATORIA

## ACIÓN OBRIGATORIA. SITUACIÓN COMARCAL

XANEIRO Ó 6 DE FEBREIRO

PAROTIDITE (072)		PROCESOS DIARREICOS OUTROS (006-009)		RUBEOLA (056)		REUMATISMO CARDIO-VASCULAR (290-392)		XARAMPÓN (055)		SIFILE PRIMARIA-SECUNDARIA (091-092)		TOS FERINA (033)		TUBERCULOSE RESPIRATORIA (010-012)		VARICELA (052)		PROCESOS RESPIRATORIOS (I.R.A.) (460-466)		INTOXICACIÓNS ALIMENTARIAS (003 e 005)		OUTRAS E. D. O.	
1988		1988		1988		1988		1988		1988		1988		1988		1988		1988		1988		1988	
Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.
		3	10											1		25	121						1
	1	7	22		1										3	11	59	247					2
		1	20													3	8	132					3
1	2	31	128						2						3	141	611						4
	14		188												6		1.288						5
	1	4	24	1	1				2						3	10	28	128					6
	3	2	41	1	1				1	2			1		3	62	71	348					7
1	1	12	78						1	2			1		14	34	97	453					8
	1	2	5										1	4		1		2					9
		6	37										1			5	186	720					10
		6	38										1			23	95	484					11
		22	92										1			3	87	532					12
1	1	80	216		1								15	6	46	805	1.775						13
	3		21											13	31	88	466						14
		5	19		2									1	3	5	249	913					15
		30	127	2	2										3	6	91	296					16
		7	41												3	6	91	296					17
			4												5	23	136						18
1	4	10	63		3				3					1	27	104	554						19
		7	7											1	7	12	127						20
	1	7	136							1				1	60	141	1.489						21
			1												1	109	248						22
		10	45										1	2	2	61	163						23
		19	54											4	37	137	425						24
1	7	13	53		2				3	11			1	3	22	42	197						25
		9	56											1		1	24	145					26
		1	4											1	2	10	5						27
		17	109												18	84	83	483					28
	5	21	77	3	6					1	2			19	142	370	1.766						29
2	5	26	137						1					1	22	275	1.531						30
		7	24						1					2	22	29	107						31
			124														260						32
	1	12	43							1				9	31	135	333						33
	1		24														118						34
	6		10											1	2	32	1	82					35
2	4	80	536		4		1		1				1	1	26	84	742	3.351		2			36
1	1		5													14	62						37
	1	8	19											2		36	35	193		6			38
	4	6	36											1	1		99	404					39
	2	13	44											1	3	8	78	301					40
1	6	21	222		1				1		2			5	10	237	1.631						41
		17	62		2									1	3	1	21	79	520				42
11	64	7	27										22	1	3	1	21	79	520				42
		4	16		2	4		1						3	17	43	203						43
			5												3	147	463						44
			29												2	69	399						45
1	1	9	61		3				1					3	10	55	273						46
2	2	19	72												1	107	394						47
6	40	18	78						1						2	59	270						48
		18	73													2	78	366					49
		4	20													2	92	548					50
			18														60	273					51
		5	25														72	250					52
			2											1	1	3	13						53
		9	30												2	9	116	502					54
		3	25						1							30	159						55
	1	1	4												2		1	6					56
	1	1	7		1											20	100						57
		10	31	1	1					6					6	11	94	517					58
																							59
			2												3	10	37	170					60
		5	47												3	10	37	170					61
2	3	23	65												2	15	110	503		16			62
		16	81													121	554						63
			1		1									1	1	6	35	229					64
																							65
	1	14	60							1	1			1	1	3	566	2.349					67
	1	38	202						1	1				3	2	16	302	1.398					68
	1	8	59				1	2								7	143	840					69
		10	58	1	1		1		1	1	3			1	4	7	311	1.028					70
		2	13		2									4		1	62	584					71
			13														35	155					72
	1		5							1	1			1		2	41	239					73
		2	8													16	80	429					74
		5	42						1						1	4	78	566					75
			1														3	115					76
	3	5	31					3	4						3	6	82	338					77
		6	42		1											2	83	356					78
	4	8	51							1				1	2	15	112	763					79
			1														4	178					80